

Homenaxe a José Suárez

XULIO VALCÁRCEL
xulioval@gmail.com



O Día das Artes Galegas do 2026 dedicóuselle ao fotógrafo alaricano, que comprendeu que a verdadeira grandeza non residía no extraordinario, senón na dignidade da vida cotiá

"Uns ollos vivos que pensan", definiu Bergamín a obra de José Suárez. Ollos, mirada lúcida, consciente, reflexiva e incisiva. A fotografía posúe un privilexio que ningunha outra arte exerce coa mesma intensidade: deter o tempo sen interromper a vida. Unha imaxe é unha vitoria sobre o esquecemento, a captura dun intre que, de non ser pola cámara, desaparecería para sempre. A súa forza nace precisamente da súa aparente sinxeleza; non precisa adornos nin artificios, abóndalle a luz, a composición e a mirada de quen sabe descubrir a razón oculta das cousas. A fotografía máis poderosa é a máis espida e directa. Fugacidade convertida en "eternidade".

Nese territorio sitúase a obra de José Suárez. O fotógrafo de Allariz comprendeu que a verdadeira grandeza non residía nos acontecementos extraordinarios, senón na dignidade da vida cotiá. A súa cámara detívose diante dos ofi-

cios tradicionais (telleiros, oleiros, segadores...), para revelar neles algo máis que unha simple actividade. Nos mariñeiros, nas teceláns inclinadas sobre os teares, no neno que soña que a "Javiota" o leve mundo adiante, Suárez deitou unha maneira de percibir a realidade. As súas fotografías non describen, interpretan; non ilustran, emocionan.

Cada rostro aparece cargado de humanidade; cada man, endurecida polo traballo, conta unha historia de esforzo, de abnegación e de coraxe. A través deses homes e desas mulleres, José Suárez construíu un retrato colectivo da alma galega: austera, resistente, fundamentalmente vinculada á terra e ao mar, mais tamén aberta á beleza cadenciosa da existencia. Nas súas imaxes non hai folclore nin idealización; hai respecto, proximidade e unha inmensa capacidade para dignificar o ser humano.

Esa mirada acompañouno tamén no exilio. No Uruguai, na Arxentina, no Xapón, Suárez ampliou horizontes sen abandonar nunca o esencial da súa proposta. Soubo descubrir a mesma emoción entre os cultivadores de perlas orientais e os mariñeiros galegos; a mesma afinidade entre as sombras sobre branco de El Toboso, do Campo de Criptana e da illa de Eivisa; a mesma

nobreza nos gauchos pampeanos que nos labregos da súa infancia. Mudaban as paisaxes, os idiomas e os costumes, pero permanecía intacta a procura da verdade. Por iso a obra de Suárez, sendo profundamente galega, transcende Galicia, ao atinxir unha raíz universal. As súas fotografías atravesan fronteiras e épocas, constatando que detrás de cada oficio, de cada rostro e de cada mirada existe unha historia compartida. Nesa capacidade para transformar o particular en universal reside a permanente vixencia da súa obra.

O salón de actos da Real Academia Galega de Belas Artes, acolleu, o pasado día 30, un recital poético na súa homenaxe. Ausentes, por imprevistos de última hora, Emma Pedreira e Miguel Anxo Fernán-Vello, interviron Eva Veiga, Teresa Ramilo, Xosé Iglesias, Antón Reixa e este cronista. Sobre o fondo dunha pantalla na que se reproducían as fotos de Suárez e con sendos discursos, de apertura de Xurxo Lobato, e de peche de Celestino García, os versos puxéronlle ritmo, concepto e son a unhas imaxes que, unha vez máis, dicían máis ca mil palabras.



Ilustración de Gosia Trebacz | CEDIDA